

ESTRUCTURA PROBAS LIBRES

Ciclo Medio	Conducción de actividades físico-deportivas no medio natural
Módulo	Actividade física para persoas con discapacidade

Criterios de avaliación

- Adquirir un vocabulario relacionado co ámbito da diversidade funcional.
- Identificar as características xerais das discapacidades vistas en clase.
- Determinar as actividades físicas axeitadas para as discapacidades concretas que ten unha persoa.
- Identificar barreiras en canto a accesibilidade a actividade física.
- Coñecer os beneficios que supón a actividade física a nivel afectivo, social, físico e cognitivo.
- Identificar os espazos axeitados e os contraindicados, así como o material para levar a cabo unha actividade física con persoas con discapacidade.
- Comunicarse con persoas con discapacidade.
- Coñecer as suxerencias de trato para as distintas capacidades vistas na clase.
- Adaptar as actividades físico-deportivas ás distintas discapacidades.
- Valorar as capacidades e limitacións da persoa con discapacidade, a través dos medios dos que dispoñemos.
- Coñecer e explicar deportes e/ou actividades físicas específicas para persoas con discapacidade.

Tipo de proba

A proba será un examen teórico de 50 preguntas tipo test con tres opcións de resposta, das que so unha é a correcta e 3 preguntas cortas.

Procedementos de avaliación

O examen ten unha puntuación total de 10 puntos. Será necesario obter unha valoración igual ou superior a 5 para aprobar.

As respostas tipo test correctas suman 0,15 puntos por pregunta. As respostas tipo test incorrectas restan 0,05 puntos. As non contestadas non restan.

As preguntas cortas suman 2,5 puntos.

Material necesario

Bolígrafo